



XUNTA
DE GALICIA

**PREVENCIÓN
E SAÚDE LABORAL
ANTE O CORONAVIRUS**

GASOLINEIRAS

ceei.xunta.gal/coronavirus

Liña empresas  900 815 600

ANTES DE IR AO TRABALLO

- ▶ O **servizo de prevención** de riscos laborais deberá identificar e valorar as **medidas** para o persoal **especialmente sensible**.
- ▶ **Non ir traballar con febre (>37°)** ou **síntomas respiratorios** ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- ▶ **Difundir mediante paneis as recomendacións** da autoridade sanitaria e do servizo de prevención ante o coronavirus.
- ▶ **Os desprazamentos faranse mellor individuais**. Se non, só unha persoa por fila. Extremar as medidas de limpeza do vehículo.
- ▶ No transporte **colectivo** ou compartido **recoméndase o uso de máscara**.



DISTANCIA DE SEGURIDADE

- ▶ Manter **2 metros de seguridade con outros traballadores, con clientes e con provedores** de carburantes, produtos da tenda e outras mercadorías. Evitar actividades grupais.
- ▶ **Evitar aglomeracións** nas zonas de maior afluencia tales como o punto de pago, surtidores, vestiarios ou aseos.
- ▶ Establecer pautas para o acceso dos vehículos á gasolinera de xeito que as **entradas e as saídas sexan fluídas e ordenadas**.
- ▶ **Fixar horarios** e zonas para a recepción dos pedidos e a descarga das cisternas de carburantes nos tanques.
- ▶ **Sinalizar no chan as distancias** a respectar e definir camiños para gardar fila para pagar ou adquirir produtos da tenda.



MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- ▶ **Minimizar o contacto entre os traballadores e os clientes** facilitando o modo de autoservizo de carburante, restrinxindo o acceso a determinadas zonas ou dispensando os produtos da tenda en puntos dotados de **medidas de separación** ou barreira.
- ▶ **Promover o pago por medios electrónicos** e empregar os surtidores con sistema de pago por tarxeta incorporado. A zona de pago atendida por persoal da gasolinera tamén disporá de **medidas de separación** ou barreira.
- ▶ **Difundir** a todas as empresas concorrentes e persoal autónomo as **medidas preventivas adoptadas**.
- ▶ Adaptar o posto ou **limitar as tarefas** con maior probabilidade de contacto para o persoal máis vulnerable á infección.



HIXIENE E LIMPEZA

- ▶ Dispoñer de **produtos de limpeza** (lixivia e outros desinfectantes autorizados), de **produtos de hixiene** (xabón, solución hidroalcohólica e panos desbotables) e de contedores de lixo con tapa e pedal.
- ▶ **Cubrir o nariz e a boca** cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar.
- ▶ **Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- ▶ **Facilitar o lavado frecuente das mans** con auga e xabón ou o uso de solucións hidroalcohólicas. É importante facelo **despois de tusir, de esbirrar, de quitar as luvas ou a máscara e de tocar superficies** potencialmente contaminadas. Para secar as mans, empregaranse panos desbotables.
- ▶ **Evitar compartir** comida, bebida, ferramentas e outros equipos de traballo. No caso dos equipos, de non poder evitalo, hixienízalos previamente.
- ▶ **Reforzar as operacións de limpeza do establecemento**, superficies e equipos cando se produzan cambios entre o persoal e ao remate da quenda de traballo. Prestar especial atención aos **puntos críticos** tales como mangueras dos surtidores, billas, mostradores, aseos, dispositivos do punto de cobro e outras superficies que se tocan con frecuencia.
- ▶ Contar con **máscaras e guantes** que se usarán nas tarefas de limpeza, recollida de residuos, na atención ao público e cando así o determine o servizo de prevención. As máscaras tamén serán necesarias en situacións nas que non se poida manter a distancia interpersoal de 2 metros.
- ▶ **Ventilar** con máis frecuencia os locais de traballo cerrados da gasolinera e reforzar o mantemento dos sistemas de ventilación.



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña **981 182 329** issga.coruna@xunta.gal
Lugo **982 294 300** issga.lugo@xunta.gal
Ourense **988 386 395** issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra **886 218 101** issga.pontevedra@xunta.gal
Santiago **881 999 332** issga@xunta.gal